



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

“ESTUDIO SOBRE O TRANSPORTE SANITARIO A PACIENTES EN DIÁLISE NA PROVINCIA DE OURENSE”

Xullo 2018

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Fecha de constitución: 29 de enero de 1982

Nº registro provincial 277, declarada de utilidad pública

nº registro de entidades voluntarias O-44

Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense

Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com

Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. MARCO TEÓRICO

3. OBXECTIVOS

4. POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDIO

5. METODOLOXÍA

6. RESULTADOS

7. CONCLUSIÓNS



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

1. INTRODUCCIÓN

A insuficiencia renal (IRC) é unha enfermidade crónica que afecta a función renal e que para ser tratada, nos casos máis avanzados da mesma, precisa que o paciente se someta a un tratamento renal substitutivo, ben conectándose a un ril artificial (diálise, do que existen varias modalidades) ou a través dun transplante de órganos.

1 de cada 7 persoas é diagnosticada de IRC, segundo o último estudio realizado, e cando esto sucede a súa vida cambia, producíndose en moitos casos illamento social e véndose obrigada a deixar o seu emprego por causa do inicio do tratamento, coas consecuencias económicas que elo supón. De repente, xa non é unha persoa que goza de saúde, senón enferma, que vai a necesitar un tratamento e cuidados. Este tratamento será agresivo e obrigaraa a conectarse a un ril artificial varias horas ó día ou á semana. E, por outra parte, non sabe se poderá optar a un transplante, nin se este chegará... Atópase nunha situación persoal, psicolóxica, social, laboral e económica complicada.

As persoas que deben conectarse a un ril artificial poden elixir entre varias opcións de tratamento de diálise, como son as diálise peritoneal ou a hemodiálise. No primeira modalidade poden realizar o tratamento no seu domicilio, tras recibir unha formación nas unidades específicas dos servizos de nefroloxía.

En canto ó tratamento de hemodiálise, as persoas que elixen o mesmo poden escoller entre a súa modalidade domiciliaria ou hospitalaria.

O tratamento de hemodiálise hospitalaria na maioría das persoas debe de realizarse 3 días alternos á semana, conectándose aproximadamente 3h30 ó ril artificial. Este tempo increméntase no tempo que precisa o persoal sanitario para conectar e desconectar a máquina. Por outra banda, algunhas persoas, precisan dializarse diariamente por 2 horas en lugar de 3h30.

Os centros de hemodiálise de Ourense contan con quenda de mañá, que se inicia sobre as 8h, quenda de mediodía que inicia entre as 13h e as 14h (dependendo do centro de diálise), e no caso, do hospital Cristal, existe una 3ª quenda de tarde, que inicia ás 18h. Polo que ata 3 quendas de pacientes cada luns, mércores e venres por centro de diálise, e outras tantas os martes, xoves e sábado.

É innegable que o tratamento de hemodiálise, con tódalas horas que lle deben dedicar, vai supoñer unha parte moi importante da vidas das persoas con enfermidade renal que deban someterse a



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

este tratamento, cunha repercusión na súa vida persoal, familiar, social, laboral e económica de gran impacto.

A maioría das persoas que se someten a este tratamento non exercen unha actividade laboral xa que a cantidade de horas que deben estar conectadas ó seu ril artificial, impiden que as empresas manteñan o seu contrato laboral ou plantexen contratar unha persoa que recibe este tipo de tratamento. Por outra banda, estas persoas deben de ter especial coidado coa fístula ou catéter que lles permite conectarse ó dializador, que pode ser incompatible co exercicio de certas profesións.

Coa perda de emprego ou a imposibilidade de exercelo, a repercusión económica derivada dunha situación de incapacidade laboral causa, ademais da perda de poder adquisitivo, un impacto psicolóxico negativo nas persoas, que ademais de ver perigar a súa saúde, ven como tamén a súa situación supón un risco para a súa familia e o seu futuro benestar.

Por outra banda, o tratamento, como xa se mencionou ocupa moitas horas da vida das persoas que vai afectar a súa vida social e desequilibrar a dinámica familiar, tendo que adoptar outro rol totalmente distinto ó que viña mantendo no seno da unidade familiar.

Non menos importante é o impacto físico que o tratamento de hemodiálise ten no paciente que se somete a este tratamento, sendo os efectos secundarios presión arterial baixa, fatiga, mareos, dores de peito, calambres nas pernas, náuseas e dores de cabeza. Ademais a persoa terá que seguir unha dieta baixa en potasio, fósforo e sodio, e cunha restrición de líquidos severa.

Todo o anteriormente exposto coloca as persoas con enfermidade renal que acoden a tratamento de hemodiálise nunha situación de vulnerabilidade a ter en conta.

Se a persoa opta (ou debe optar por prescrición médica) por acudir a un centro hospitalario terá dereito, por prescrición facultativa novamente, a que un servizo de ambulancia a recolla no seu domicilio para acudir ó tratamento e que a traslade de volta ó finalizar o mesmo.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

2. MARCO TEÓRICO

A intervención con persoas con ERC na actualidade se atopa enmarcada baixo o amparo de dous documentos marco:

1. **Manifiesto de persoas con Enfermidade Renal**, elaborado pola Federación Nacional Alcer en colaboración coa Sociedad Española de Nefrología, a Sociedade de Enfermería Nefrolóxica, Organización Nacional de Trasplantes, Plataforma de Organizaciones de Paciente e a Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica. A propia nomenclatura de *persoas con enfermidade* muda o paradigma de *enfermo*, xa que fai referencia á necesidade de atención integral, non unicamente sanitaria. Este manifiesto sostén os seguintes puntos:

- Respecto á vontade e libre elección.
- Recibir información adecuada.
- Ter asignado un profesional da Nefroloxía.
- Acceso igualitario aos tratamentos.
- Seguridade das persoas con ERC.
- Mobilidade.
- Protección social da persoa con ERC e da súa autonomía persoal.
- Desfrutar do ocio e do tempo libre.
- Privacidade, confidencialidade e accesibilidade.
- Trato digno e non discriminatorio.
- Defensa dos dereitos das persoas con ERC.

2. **Documento Marco Sobre a Enfermidade Renal Crónica dentro da estratexia de abordaxe á cronicidade no Sistema Nacional de Saúde**, onde destacan aspectos como:

- Mellora na comunicación, no trato e na humanización de servizos
- Coordinación entre os servizos sociosanitarios
- Proporcionar información e educación a pacientes en estadios iniciais para fomentar a conservación da función renal mediante hábitos de vida saudables
- Colaborar coas asociacións de pacientes e os servizos que prestan.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos deste estudo son coñecer as condicións de transporte de persoas en diálise na provincia de Ourense, analizar os tempos de traslado e de espera, así como coñecer a satisfacción das persoas usuarias do servizo.

4. POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDIO

A poboación obxecto de estudo é a totalidade de pacientes que usan transporte sanitario para acudir ó tratamento de hemodiálise na provincia de Ourense e que conta coas capacidades cognitivas suficientes para responder a un cuestionario.

5. METODOLOXÍA

Para levar a cabo este estudo elaborouse un cuestionario que inclúe varios ítems de preguntas que nos permitirán avaliar de forma obxectiva os horarios de recollida e de espera dos pacientes usuarios de transporte, así como unha valoración subxectiva da satisfacción co servizo prestado.

As persoas encargadas da toma de datos foron a traballadora social de ALCER Ourense que recolleu as mostras do Hospital Cristal, así como persoal de enfermería da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo (FRIAT) nas 3 salas con prazas concertadas que ten na provincia de Ourense (FRIAT Santa María en Ourense, FRIAT O Barco de Valdeorras e FRIAT Os Salgueiros en Verín).

Participaron na mostra un total de 61 persoas, todas elas usuarias de transporte sanitaria para desprazamentos a centro de diálise, entre os meses de outubro 2017 e febreiro 2018. Non se cubriron as enquisas de persoas que non teñen a capacidade cognitiva para responder ás mesmas.

Os cuestionarios, que se encontran en ANEXO I inclúen os seguintes ítems:

En primeiro lugar o cargo ou persoa entrevistadora: persoal de enfermería, traballadora social ou o propio paciente, así como a data de recollida de datos.

Por outra banda, recóllese o centro de hemodiálise e a quenda na que se dializa a persoa.

En canto ós datos técnicos, son os seguintes:

- Zona do domicilio: urbana/rural
- Nº de persoas na ruta e se son pacientes ou acompañantes
- Distancia ó centro de hemodiálise do domicilio

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

- Hora de saída do domicilio, hora de chegada ó centro de diálise e tempo de espera antes de entrar en diálise
- Hora de saída do centro de diálise, hora de chegada ó domicilio e tempo de espera antes de irse do centro de diálise

Con respecto á valoración persoal cada paciente valorou nunha escala de maior a menor (Moi mal, mal, regular, ben, moi ben) a satisfacción cos seguintes ítems:

- Sobre a valoración da organización:
 - Organización das rutas: idoneidade, rapidez,...
 - Organización dos tempos: puntualidade, tempos de espera...
 - Coordinación: se chaman con antelación se hai incidencia, resolución das mesmas...
- Sobre a valoración dos profesionais:
 - Profesionalidade: condución, cumprimento das normas de seguridade viaria,...
 - Trato persoal: amabilidade, respecto,...
- Valoración das infraestruturas (da sala de espera, como dos vehículos):
 - Tamaño
 - Comodidade
 - Accesibilidade
- Valoración xeral do servizo

Para rematar, incluíuse un último apartado no que cada paciente puido reflexar as observacións que considerou pertinentes.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

6. RESULTADOS

1. DATOS DO CENTRO DE HEMODIÁLISE


Centro de diálise

A maioría dos pacientes enquisados son pacientes do centro de diálise do Hospital Cristal en Ourense, representando un 47,5% da mostra, seguido dos pacientes da FRIAT Ourense, que suman un 27,9% dos pacientes. O 13,1% dos pacientes dialízanse no Centro FRIAT Os Salgueiros de Verín e un 11,5% no centro FRIAT do Barco de Valdeorras.

Polo tanto podemos dicir que o 75% dos pacientes entrevistados proveñen dos Concellos máis ó oeste da provincia, sendo o resto das comarcas de Verín e Barco de Valdeorras, máis ó este da provincia.

Centro HD

61 respostas




Quenda

A maioría dos pacientes usuarios de transporte sanitario desprázanse os luns, mércores e venres na primeira e na 2ª quenda de hemodiálise, seguidos das persoas que se dializan os martes, xoves e sábado en quenda de mañá (primeira quenda), representando estas 3 quendas o 83,6% dos pacientes.

Turno

61 respostas





Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Este resultado é lóxico, pois a Fundación renal non ten 3ª quenda en ningún dos seus centros, polo que os pacientes se concentran na quenda de mañá e de mediodía, ademais no caso dos martes, xoves e sábado o volume de pacientes é menor, pois non se repetiron as enquisas ás persoas que acoden a tratamento diariamente.


2. DATOS TÉCNICOS

Zona do domicilio

Pode apreciarse no gráfico seguinte que o 75,4% dos pacientes desprázase dende unha zona rural ó seu centro de diálise.


Zona do domicilio

61 respostas




No caso dos centros de Verín e do Barco de Valdeorras o 100% dos pacientes acoden a tratamento dende unha zona de residencia rural, e se nos centramos nos centros da capital, podemos ver que o 72,4% dos pacientes do Hospital Cristal e o 58,8% da FRIAT Ourense tamén viaxan dende un concello rural da provincia.

Zona do domicilio: Hospital Cristal



Zona do domicilio FRIAT Ourense






Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Nº de persoas na ruta

Na maioría das viaxes que se realizan os pacientes afirman que viaxan 3 persoas en promedio. Resaltamos que ó realizar esta pregunta suscitou varias dúbidas nas persoas, posto que non viaxan sempre a mesma cantidade de persoas e varios pacientes non sabían que responder, suxerindo as enquisadoras que respondesen co “máis habitual”.

Nº pacientes por ruta

52 respostas




Acompañantes por ruta

Só 6 persoas das 61 enquisadas afirmaron levar algún acompañante habitualmente na ruta.

Nº acompañantes por ruta

6 respostas



Distancia ó centro de diálise

En xeral a distancia que deben percorrer as persoas en diálise para chegar ó centro de tratamento é de entre 5 e 30 kilómetro, nun 57,4% dos pacientes, seguido dun 24,6% que reside a máis de 30 km, e finalmente un 18% desprázase dende menos de 5 km. Lembramos que moitas das persoas que residen no propio núcleo do centro de diálise desprázanse no seu vehículo particular ou polos




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

seus medios, tendo dereito a transporte sanitario soamente as persoas que teñen mobilidade reducida ou que precisan de apoio no transporte por prescrición facultativa.


Distancia ó centro de HD

61 respostas




Se nos paramos a analizar cada un dos centros podemos destacar no caso dos centros de Ourense, que para ir ó Centro de diálise Hospital Cristal se recollen un 17,2% de persoas a menos de 5km de distancia, un 44% entre 5 e 30 km e cerca dun 40% a máis de 30 km, na FRIAT Ourense non recollen pacientes a máis de 30 km de distancia do centro de diálise e que a maioría, 76,5% acuden dende 5 a 30 km de distancia.

Distancia ó centro de HD: Hospital Cristal




Distancia ó centro de HD: FRIAT Ourense




No caso do Centro FRIAT Verín destacamos que desprazan pacientes dende tódalas distancias, residindo tamén a maioría a unha distancia de 5 a 30km. Se nos referimos ó centro do Barco, non recollen pacientes a menos de 5 km no momento do estudo e podemos ver que o 57% dos pacientes veñen dunha zona de 5 a 30 km de distancia do Centro e o resto dende máis de 30 km.

Distancia ó centro de HD: FRIAT Verín



Distancia ó centro de HD: FRIAT O Barco



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Hora de saída do domicilio

Segundo o que nos afirman os pacientes podemos ver que varias persoas saen do seu domicilio entre as 6h e 6h30 do seu domicilio para asistir ó tratamento que se inicia ás 8h. Posteriormente pacientes que acuden a tratamento que inicia a partir das 13h saen a partir dende as 10h30 o seu domicilio. Con respecto á quenda de tarde, que se inicia ás 18h, os 2 primeiros pacientes son recollidos ás 15h15, cunha antelación de case 3 horas a iniciar o tratamento.


Hora de saída do domicilio

57 respostas




Neste apartado conta con especial relevancia o centro ó que acude o paciente en 2ª quenda pois o Centro Hospital Cristal e os centros FRIAT non teñen o mesmo horario de inicio de tratamento: 13h e dende as 14h respectivamente. Podemos ver que se recollen os pacientes a partir das 10h30 no centro Hospital Cristal, cunha antelación de 2h30 ó inicio do tratamento no caso dos centros FRIAT, as primeiras persoas son recollidas sobre as 11h, cunha antelación de 3h ó inicio do tratamento.

Hora de saída do domicilio Hospital Cristal



Hora de saída do domicilio: 2ª quenda centros FRIAT






Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Hora de chegada ó Centro de diálise

Con respecto ás quendas de mañá podemos apreciar que as persoas usuarias chegan cunha antelación de 30 minutos máximo antes do inicio do tratamento de diálise e con respecto á quenda de tarde, podemos ver que os primeiros pacientes afirman estar ás 16h20 no centro de diálise, o que implica unha antelación de 1h40 sobre o inicio do tratamento.


Hora de chegada ó centro de HD

57 respostas




Para analizar a quenda de mediodía procederemos como no apartado anterior para poder diferenciar a hora de chegada do Hospital e a dos centros FRIAT:

Hora de chegada ó centro de HD Hospital Cristal



Hora de chegada ó centro de HD Centros FRIAT



Nos gráficos anteriores pode verse que as primeiras persoas que van o Hospital Cristal chegan ás 11h30, cunha antelación de 1h30 á entrada á sala de diálise e no caso da FRAIT chegan ás 12h, cunha antelación de 2h.

Total de minutos de viaxe de ida ó centro de diálise


As persoas que usan o transporte nun 36,8% tardan entre 30 a 45 minutos en realizar a viaxe que os leva ó centro de diálise, seguido dun 22,8% que tardan de 60 a 75 minutos e en terceiro lugar un 15,8% que tardan de 45 a 60 minutos.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Total minutos viaxe ida

57 respostas



Si ben é importante saber canto tardan as persoas en chegar, non é menos relevante saber canta distancia deben percorrer dende o seu domicilio e canto tempo lles leva, polo que se desglosarán a continuación os tempos de viaxe con respecto á distancia do domicilio.

Con respecto ás persoas que residen a menos de 5 km do centro de diálise, apreciamos no gráfico que 3 persoas tardan de 15 a 30 minutos en chegar, 5 persoas de 30 a 45 minutos, 2 persoas tardan entre 45 e 60 minutos en percorrer menos de 5 km e 1 persoa tarde de 60 a 75 minutos en chegar ó seu centro de diálise.




Centrándonos nos datos que nos revela os usuarios que percorren de 5 a 30 km podemos ver que 2 persoas tardan de 15 a 30 minutos, 13 persoas tardan de 30 a 45 minutos, 8 persoas tardan de 60 a 75 minutos en percorrer esta distancia, 5 persoas de 45 a 60 minutos, 1 persoa tarda de 75 a 90 minutos e 3 persoas tardan máis de 90 minutos en percorrer chegar cando o seu domicilio está a menos de 30 km do centro de diálise.




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Total minutos viaxe ida: distancia 5 a 30 km



Con respecto ás persoas que residen a máis de 30 km do centro de diálise, afirman chegar en 30 a 45 minutos 3 persoas, 2 delas tardan de 45 a 60 minutos, 4 chegan en 60 a 75 minutos, outra persoa tarda de 75 a 90 minutos e 4 finalmente tardan máis de 90 minutos en chegar ó centro de diálise.

Total minutos viaxe ida: distancia máis de 30 km



Tempos de espera no centro de diálise antes de iniciar o tratamento


Ademais do tempo que as persoas en diálise deben de pasar na viaxe, con este estudio queremos analizar ademais canto tempo deben de agardar na sala de espera/vestiario antes de iniciar o tratamento:



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Tempo de espera no centro HD ida


52 respostas



Como podemos ver no gráfico anterior a maioría dos pacientes (46,2%) esperan de 30 a 60 minutos e un 42,3% esperan de 0 a 30 minutos, sendo os que esperan máis 60 minutos un 11,5%.


Analicemos as diferencias entre quendas: Como podemos ver os e as pacientes da 1ª quenda esperan de 0 a 30 minutos nun 62,5% dos casos, pero un 37,5% esperan de 30 a 60 minutos.

Tempo de espera no centro HD ida: 1ª quenda



No caso da 2ª quenda un 35% os pacientes espera de 0 a 30 minutos, un 60% espera de 30 a 60 minutos un 5% das persoas deben esperar máis de 60 minutos antes de iniciar o seu tratamento. Tal e como viña reflectido tamén na hora de chegada ó centro de diálise.

Tempo de espera no centro HD ida: 2ª quenda






Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Con respecto á 3ª quenda de diálise, indicar que tamén se espera de 30 a 60 minutos nun 37,5% dos casos e máis de 60 minutos deben esperar o 62,5% dos pacientes antes de empezar a dializarse.

Tempo de espera no centro HD ida: 3ª quenda




Tempos de espera no centro de diálise tras finalizar o tratamento

As persoas que finalizan o tratamento de diálise deben de esperar no vestiario ou sala de espera para poder regresar ó seu domicilio ata que o persoal do transporte sanitario os veña buscar. Os tempos que se manexan no momento de realizar este estudio son os seguintes: un 40% dos pacientes esperan de 0 a 30 minutos, un 48,3% está sentado esperando de 30 a 60 minutos e un 11,7% debe agardar ata máis de 60 minutos que os veñan recoller.

Tempo de espera no centro HD volta

60 respostas




As persoas que rematan de dializarse na quenda de mañá esperan maioritariamente de 30 a 60 minutos para regresar ó seu domicilio (53,6%), o resto de pacientes esperan nun 28,6% de 0 a 30 minutos e máis de 60 minutos nun cerca de 18% dos pacientes.




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Tempo de espera no centro HD volta: 1ª quenda



Na quenda de mediodía ou 2ª quenda podemos ver que un 33,3% de pacientes espera de 0 a 30 minutos, e un 58% de pacientes espera de 30 a 60 minutos, outro 8% espera máis de 1 hora tras finalizar o tratamento para regresar ó seu domicilio.

Tempo de espera no centro HD volta: 2ª quenda



Con respecto ó pacientes que finalizan a 3ª quenda os datos nos indican tódalas persoas agardan entre 0 e 30 minutos para regresar ó seu domicilio.

Hora de saída do Centro de diálise

Con respecto ás quendas de mañá podemos apreciar que as persoas usuarias saen entre as 11h30 (posiblemente algún paciente que se dializa diariamente 2 horas) e as 13h30, datos que corroboran os tempos de espera sinaladas anteriormente.

Con respecto á 2ª quenda podemos ver que as saídas son entre as 17h15 e 19h, hora á que saen a maioría dos pacientes, supoñendo unha espera de 30 a máis de 60 minutos, ou incluso de 120 minutos para as persoas que finalizan de dializarse ás 17h, tal e como se aprecia tamén nos tempos de espera que os e as pacientes indican no apartado anterior.




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

No caso da 3ª quenda de diálise do Hospital Cristal os pacientes saen para o seu domicilio entre as 22h e as 22h30, non esperando máis de 30 minutos

Hora de saída do centro de HD


52 respuestas



Hora de chegada ó domicilio

Hora de chegada ó domicilio

52 respuestas



As persoas enquisadas indican que a hora de chegada ó seu domicilio é entre as 12h30 e as 15h para pacientes da 1ª quenda. O que nos indica que entre o tempo de espera no centro de diálise e o traxecto de regreso ó seu domicilio poden pasar ata 3 horas.

Os pacientes da quenda de mediodía chegan entre as 17h35 e as 20h30 ó seu domicilio e finalmente as persoas que finalizan a quenda ás 22h chegan ata as 00h, transcorrendo ata 3h30 ata regresar dende a finalización do tratamento.




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Total de minutos de viaxe de regreso ó domicilio

As persoas que usan o transporte para regresar ó domicilio tardan nun 37,7% de 60 a 75 minutos dende que os recolle a ambulancia, nun 22,6% máis de 90 minutos e un 13,2% tardan de 15 a 30 minutos.

Total minutos viaxe volta


53 respuestas



Novamente, faise necesario analizar a distancia do domicilio para que estes datos cobren máis sentido:

No caso das persoas que residen a menos de 5 km do centro de diálise podemos ver que só 1 persoa tarda menos de 15 minutos e 2 máis tardan de 15 a 30 minutos no traxecto de regreso. Unha persoa tarda de 45 a 60 minutos e 6 persoas tardan de 60 a 75 minutos no camiño de volta á casa.

Total minutos viaxe volta: de 0 a 5 km



No caso de ter o domicilio a unha distancia de 5 a 30 km do centro de diálise comentar que 5 persoas tardan de 15 a 30 minutos na viaxe de volta, 3 persoas tardan de 30 a 45 minutos e outras




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

tantas tardan de 45 a 60 minutos; son 12 persoas as que tardan de 60 a 75 minutos e 6 persoas tardan máis de 90 minutos en viaxar ata o domicilio do paciente.



Se a residencia da persoa con enfermidade renal está a máis de 30 km do centro de diálise os tempos son os seguintes: 3 persoas tardan de 30 a 45 minutos, 1 persoa tarda de 45 a 60 minutos, 2 máis de 60 a 75 minutos, outras 2 de 75 a 90 minutos e 6 persoas tardan máis de 90 minutos.



3. VALORACIÓN PERSOAL

Valoración da organización


Pódese ver no seguinte gráfico como a valoración persoal dos pacientes destaca por valorar como “regular” a organización do servizo de transporte. Tanto na organización das rutas, como dos tempos ou a coordinación, queixándose de que non se lles avisa cando hai retrasos ou incidencias dende a central coordinadora.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Pódese apreciar que no que é a organización dos tempos a insatisfacción é maior que no resto dos ítems, valorándoa como moi mala ata 5 pacientes (un 8% dos enquisados).


Valoración da organización



Valoración dos profesionais

Como se pode apreciar no gráfico máis de 30 dos 61 enquisados valoran como boa a profesionalidade e o trato persoal, entre 10 e 15 persoas valoran como regular ambos ítems a só 1 persoa valora como mala a profesionalidade do persoal.


Valoración dos profesionais



Valoración da sala de espera

A valoración persoal das persoas en tratamento de diálise con respecto ás salas de espera é boa en todos os ítems polo que se lles preguntaron nun 90%.

Valoración das infraestruturas (sala de espera)



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Valoración dos vehículos

Con respecto ó tamaño dos vehículos máis do 50% das persoas valoran que é bo ou moi bo, sen embargo 20 persoas (un 33% aproximadamente) indican que o consideran como regular.

Cifas similares atopamos cando falamos da comodidade dos vehículos así como da accesibilidade nos mesmos, referíndose este ítem á facilidade para subir e baixar do vehículo.

Valoración das infraestructuras (Vehículos)




Valoración da satisfacción xeral co servizo

Solicitouse ás persoas que participaron no estudo que valorasen entre 1 e 5 o servizo, referíndose a 1 moi malo, 2 malo, 3 regular, 4 bo e 5 moi bo. Podemos ver que a maioría das persoas enquisadas, un 52,5% valoran cun 4 o servizo de transporte, seguido dun 39,3% que o valoran como regular, cerca de un 5% indican que é malo e menos dun 2% o valoran como moi malo e outro tanto como moi bo.

Valoración xeral

61 respostas





Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Observacións

Finalmente deuse a posibilidade de indicar algunha observación, recibindo as seguintes respostas:

Observación

22 respostas

Tarda moito ás horas de saída (na espera para irse)
O transporte debería entrar de maneira que os pacientes baixen do lado do tellado para non mollarse cando chove.
Non hai un horario fixo. A veces deben esperar por outros pacientes e tardan máis en arrancar.
Ó saír marchan primeiro as persoas de Ourense e logo as que son de fóra. Só de vez en cando levan as persoas de fóra primeiro. Antes funcionaba mellor: cando viñan ambulancias de fóra.
Non se pode facer peor. Espérase demasiado.
Chegamos moi cedo antes do tratamento, espérase ás veces case 2 horas.
El personal del centro a veces tiene que llamar para la recogida.
No depende de los chóferes la organización.
Realizan rutas innecesarias
Los chóferes no tienen culpa
Tenemos que esperar por otros pacientes de otras especialidades
En la residencia dan de comer a pacientes que van en este turno
Salimos muy temprano de nuestras casas. Las diálisis deberían ser más cortas.
Nos llevan con mucha antelación para el turno. En la residencia son turnos de diálisis más cortos.
Deberían llevarnos según vamos finalizando.
En verano hace mucho calor y en invierno hace mucho frío.
Deberían ajustarse los turnos con los tiempos de recogida.
Cuando salgo de diálisis tengo que esperar mucho tiempo a que llegue las ambulancia.
Tardan mucho en venir a buscarnos al acabar la diálisis y hay que hacer muchas paradas.
A la vuelta solemos hacer muchas paradas
El personal del centro tiene que llamar para la recogida.
A veces nos agrupan en la sala de espera del hospital



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

7. CONCLUSIÓNS

En conclusión, podemos afirmar que a maioría das persoas que usan transporte sanitario para asistir ó seu tratamento de diálise en centro hospitalario proveñen da zona rural e que estas persoas son atendidas en 4 centros de diálise, 2 deles sitos na cidade de Ourense, un no Barco de Valdeorras e o outro centro en Verín.

Tamén podemos afirmar que o 75% das persoas en diálise deben desprazarse dende unha zona rural, dato lóxico, pois só se considera urbano o Concello de Ourense na nosa provincia.

Cada ambulancia despraza entre 2 e 5 persoas por traslado, segundo afirman as persoas usuarias, non sendo relevante a cantidade de acompañantes que usan este medio, pois só se refire que vai 1 acompañante no transporte.

Cerca dun 75% das persoas que usan o transporte deben percorrer unha distancia maior do 5 km, e un 18% máis de 30 km para chegar ó seu centro de diálise. Nos Centros FRIAT Ourense e Barco de Valdeorras non se recollen datos de persoas que usen transporte nunha distancia menor de 5km, esto pode deberse a que no momento do estudio non se dializan nestes centros persoas con mobilidade reducida que teñan prescrición de uso de transporte, pero esta situación pode variar, xa que se producen continuamente altas e baixas no servizo.

Os datos por centro da distancia á que residen as persoas con enfermidade renal que usan transporte indican que en tódolos centros se desprazan máis persoas dende unha distancia de entre 5 e 30 km, pero non é insignificante tampouco que entre un 17% e un 25% dos pacientes de Cristal e Verín deben percorrer máis de 30 km para chegar ó centro de diálise.

Con respecto á hora de saída do domicilio, chegada ó centro de diálise e tempo de viaxe, podemos dicir que evidentemente canto máis lonxe resida a persoa, antes terá que saír do seu domicilio. En calquera caso, podemos ver que algunha persoa chega a saír ás 6h da súa vivenda e que se pode tardar ata 75 minutos en chegar ó centro de diálise residindo a menos de 5 kilómetros, ou ata máis de 90 minutos para persoas que viven a menos de 30 km, o mesmo que as que residen a máis de 30 km. Estes datos parécennos excesivos.

Con respecto ó tempo de espera no centro de diálise para iniciar o tratamento, resaltamos máis dun 40% dos pacientes esperan de 30 a 60 minutos na sala e un 11,5% espera máis de 60 minutos para iniciar o tratamento.

Se analizamos os datos por quenda, vemos que a 2ª e a 3ª quenda son as máis prexudicadas pola espera, en concreto na 3ª, tódolos pacientes deben esperar máis de 30 minutos, incluso un 62% dos pacientes estará sentado no vestiario durante máis de 60 minutos ata poder entrar na sala de



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

tratamento. Recordamos, que esto se repite 3 días á semana, ó longo de toda a súa vida, pois falamos dunha enfermidade crónica.

Finalizada a espera as persoas comezan o seu tratamento na sala de diálise, debendo pasar de unha en unha á sala para que o persoal sanitario as conecte ó dializador. O tratamento dura 3h30 aproximadamente e os e as pacientes sufren efectos secundarios, como calambres, náuseas, mareos, vómitos, tensión arterial baixa, etc... que as debilitan e poñen en situación de vulnerabilidade.

Ó finalizar o tratamento estas persoas non deben, a criterio noso, esperar moito para regresar ó seu domicilio e descansar do tratamento. Vexamos pois, canto deben esperar para irse: en xeral esperan nun cerca de 50% dos casos de 30 a 60 minutos ou incluso máis de 60 minutos antes de que os recolla a ambulancia. Neste caso, as quendas máis prexudicadas son a 1ª e a 2ª, nas que sempre predomina un tempo de espera de 30 a 60 minutos ou incluso de máis de 90 minutos ata 120 como vimos nos resultados. Estes datos para nós son inadmisibles.

No caso da 3ª quenda, ó finalizar a quenda do Hospital Cristal ás 22h e non tendo que agardar as ambulancias por outros pacientes, a espera é en tódolos casos menor a 30 minutos, o que consideramos aceptable.

Con respecto á viaxe de volta ó domicilio volvemos ver que as distancias non se corresponden con tempos adecuados: a maioría das persoas que deben desprazar a menos de 5 km tras o tratamento tardan de 60 a 75 minutos en realizar a viaxe, o mesmo que as que deben percorrer 30 kilómetros. E no caso de vivir a máis de 30 km, tardan a maioría delas máis de 90 minutos en chegar.

Como indicamos anteriormente, creemos que as persoas con enfermidade renal non deben de dedicar tantas horas ó seu tratamento, xa que se sumamos as horas de viaxe de ida, de espera antes do tratamento, o tratamento en si, as de espera ó finalizalo e a viaxe de volta, algunha persoa das que acude a hemodiálise dedica ata 12 horas ó seu tratamento.

Deducimos dos datos obxectivos das enquisas realizadas que as persoas con enfermidade renal en hemodiálise hospitalaria dedican unha cantidade de horas excesiva ó seu tratamento, debido ó percorrido que realizan, que non se axusta á distancia, así como pola espera que se produce antes e despois do tratamento.

Sabemos que o transporte sanitario non é exclusivo e persoal: é normal que se xunten varios pacientes dunha mesma zona para realizar un percorrido, pero non vemos axeitado que se tarde 75 minutos residindo a menos de 5 km, ou máis de 90 minutos para desprazar unha persoa a máis



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

de 30 km, posto que existen 4 centros de diálise na provincia e os e as pacientes son destinados ós mesmos por proximidade.

Por outra banda, indicar que as horas de espera antes e despois do tratamento, se deben probablemente a que os e as pacientes esperan por pacientes doutras especialidades ou doutros centros, pero como recordamos anteriormente neste estudio os síntomas e efectos secundarios da diálise deben terse en conta para unha atención centrada na persoa e humana, liñas estratéxicas que o Sergas está a contemplar na actualidade coa elaboración dun Plan de Humanización. O transporte sanitario debe seguir esa liña ó noso entender.

Con respecto á valoración persoal dos e das pacientes enquisadas, indicar que claramente é valorada como “regular”, e en segundo lugar como “boa”, sendo a valoración dos tempos a que peor valoración acada.

En canto á profesionalidade e trato as valoracións son boas, recalcando á hora de enquisar varios pacientes que “non teñen nada contra o persoal, que é boa xente e amables”.

Das infraestructuras non hai queixas, valorando cunha ampla maioría como bos tódolos ítems.

A valoración xeral das persoas que foron enquisadas reafirma os datos de valoración por ítems, indicando que o servizo prestado en xeral é bo ou regular.

En canto ás observacións dos pacientes, case a totalidade das mesmas son relativas ós tempos de espera antes ou despois do tratamento, ou algunha da organización das rutas, que son demasiado longas, polo que os e as pacientes tardan moito en chegar ó seu domicilio. Estas observacións reafirman tamén o descontento cos tempos de espera e organización das rutas.

En conclusión, existe un problema de organización no transporte sanitario a hemodiálise na provincia de Ourense.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

ANEXO I

ENQUISA VALORACIÓN TRANSPORTE SANITARIO A HEMODIÁLISE EN OURENSE

ENQUISADOR/A		DATA	
--------------	--	------	--

1. DATOS CENTRO HD:

CENTRO HD		TURNO	
-----------	--	-------	--

2. DATOS TÉCNICOS:

ZONA DO DOMICILIO	URBANA	Nº PERSOAS/ RUTA	PACIENTES	
	RURAL		ACOMPAÑANTES	
DISTANCIA Ó CHD	0-5 KM	5-30 KM	>30 KM	
HORA SAÍDA DOMICILIO	HORA CHEGADA CHD		TOTAL MINUTOS IDA	
TEMPO DE ESPERA IDA	0-30 MINUTOS	30-60 MINUTOS	>60 MINUTOS	
HORA SAÍDA CHD	HORA CHEGADA DOMICILIO		TOTAL MINUTOS VOLTA	
TIEMPO DE ESPERA VUELTA	0-30 MINUTOS	30-60 MINUTOS	>60 MINUTOS	

3. VALORACION PERSOAL:

Valore os seguintes aspectos sobre o servizo de transporte sanitario.

(MB: Moi ben; B: Ben; R: Regular; M: Mal; MM: Moi mal)

		MB	B	R	M	MM
Valoración da organización						
Organización das rutas (idoneidade, rapidez,...)						
Organización dos tempos (puntualidade, tempos de espera,...)						
Coordinación (chaman con antelación, resollen incidencias,...)						
Valoración profesionais						
Profesionalidade (condución, cumprimento normas seguridade viaria,...)						
Trato persoal (amabilidade, respecto,...)						
Valoración das infraestruturas						
Sala de espera	Tamaño					
	Comodidade					
	Accesibilidade					
Vehículos	Tamaño					
	Comodidade					
	Accesibilidade					
Valoración xeral						

Observacións _____
